



CONCELLO DE VIGO

## ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER DÚAS PRAZAS FUNCIONARIAIS DE SARXENTO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014, 2015, 2016.

Sendo as 9,30 horas do día 28 de novembro de 2018, reúnense os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias do servizo de seguridade e mobilidade, acadando o *quórum* suficiente de constitución (base xeral 8.4.1), co obxecto de proceder á resolución das distintas alegacións presentadas contra a fase de concurso e contra a realización do primeiro exercicio da oposición (exame tipo test):

- D. Miguel Estévez Prado**, Xefe do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontevedra, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Néstor Padrón Cibeira**, enxeñeiro técnico industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, actuando na súa condición de vocal titular primeiro.
- D. Francisco Javier Álvarez Ferreira**, Inspector Principal do Corpo da Policía Local do Concello de Vigo, actuando na súa condición de vocal titular terceiro.
- D. Manuel Ángel Córdoba Ardao**, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo, actuando como secretario titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Procédese, polo órgano de selección, ao estudo e deliberación dos seguintes puntos a tratar, adoptándose os acordos que mais adiante figurarán reflectidos, de maneira correlativa, na presente Acta:

Dáse conta, polo Secretario deste órgano colexiado, da relación das alegacións que lle foron remitidas polo Departamento de Recursos Humanos, e nas que se cuestionan tanto as cualificacións da fase do concurso de méritos como a corrección do primeiro exercicio da oposición (exame test):

- Alegacións presentadas o día 06.11.2018 por **D. José Luis Fernández Cabaleiro** (documento nº 180179266) polo que solicita recoñecerlle unha antigüidade na fase de concurso polo tempo de servizos prestados como sarxento.
- Alegacións presentadas o día 09.11.2018 por **D. Daniel Cabaleiro Novelle** (documento nº 180179853), impugnando as preguntas números 5, 8, 24, 36.
- Alegacións presentadas o día 08.11.2018 por **D. Bruno de Sousa Díaz** (documento 180179026), solicitando a revisión da cualificación da fase de concurso, co obxecto de que se lle valore o tempo de servizos prestados entre o 16.08.2007 e o 05.04.2011 no Parque de Bombeiros da Deputación de Pontevedra, así como a licenciatura en ciencias da actividade física e deporte (titulación superior de acceso á praza) e o certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento como titulación de acceso.
- Alegacións presentadas o día 12.11.2018 por **D. Bruno de Sousa Díaz** (documento 180180673), impugnando as preguntas números 19,24, 26, 37, 38, 39, 42, 43, 45, 49,
- Alegacións presentadas por **D. Miguel A. Cabaleiro Novelle** o día 09.11.2018 (documento nº 180180132), pola que solicite se lle valore, na fase de concurso e no apartado de titulacións académicas, o certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento, ao tempo que tamén impugna as preguntas números 39, 46, 13, 34,

1



- Alegacións presentadas por **D. Miguel A. Cabaleiro Novelle** o día 12.11.2018 (documento nº 180181069) impugnando as preguntas 37,43, 8, 24.
- Alegacións presentadas por **D. Juan Carlos Illán Lombao**, impugnando as preguntas números 8, 9, 11, 14, 18, 19, 20, 21, 24, 32, 34, 39, 45.

En cumprimento do disposto nas Bases xerais 17ª (Incidencias) e 8.1 (órgano de selección), emítese polo Secretario do órgano colexiado o seguinte **INFORME**:

**“Primeiro.- Obxecto e alcance do presente Informe.**

Con carácter previo ao desenvolvemento dos razoamentos xurídicos que de seguido se expoñerán, cumpre advertir, nunha primeira orde de consideracións, que o alcance do presente informe, emitido polo asesor xurídico adscrito á area de seguridade e mobilidade na súa condición de secretario do órgano de selección, quedará circunscrito á análise daquelas cuestións de estrita orde legal, tanto formais como substantivas, susceptibles de teren unha incidencia directa nas decisións que o órgano de selección adopte durante a fase de estudo e resolución das distintas alegacións presentadas polos aspirantes.

En consecuencia, analizarase exclusivamente o contido daqueles motivos de impugnación que sexan merecedores dun concreto enfoque ou resposta de orde xurídica, todo elo de acordo coas prescricións contidas nas bases de selección que rexen o desenvolvemento deste proceso, e sempre no marco do maxisterio establecido pola doutrina xurisprudencial recaída nesta materia.

En lóxica coherencia co anterior, queda fora do obxecto e finalidade deste informe calquera estudo eventualmente orientado a provocar unha sorte de substitución do xuízo de valor que presidiu a confección das preguntas do cuestionario do “test”, especialmente as de contido eminentemente técnico, e elo por dúas razóns. A primeira, por canto o funcionario que subscribe carece de ningunha formación específica que lle permita valorar a correcta ou incorrecta consideración daquelas respostas que o órgano de selección reputou como “válidas” en aplicación duns coñecementos teóricos que, se presupón, posúen por razón da súa especialización. A segunda, porque os únicos órganos legalmente habilitados para poder entrar a valorar se o xuízo de convicción mantido polos membros dun órgano especializado de selección puido ou non comportar algunha desviación indebida verbo do marxe de discrecionalidade técnica que legalmente lles asiste a eses membros, son os órganos da xurisdición contencioso administrativa.

Por tal razón, a así convén clarexalo, as funcións legalmente encomendadas aos secretarios destes órganos de selección recondúcense a deixar fel testemuña das actuacións adoptadas polos membros do Tribunal, e tamén, a ofrecerlles o debido asesoramento legal naquelas cuestións, de estrita orde xurídica, que se susciten de oficio ou a instancia dalgún aspirante durante o desenvolvemento do proceso.





**Segundo.- Sobre a valoración, a efectos do concurso de méritos, do tempo de servizos prestados.**

Nalgunha das alegacións presentadas polos aspirantes cuestiónase a decisión do órgano de selección de non valorar, a ningún aspirante, o tempo de servizos prestados na categoría de “sarxento” (en concreto, a alegación presentada o día 06.11.2018 por D. José Luis Fernández Cabaleiro -documento nº 180179266-).

Por tratarse dunha cuestión de estrita orde xurídica (allea, por tanto, ao que é propiamente unha decisión do órgano de selección susceptible de encadrarse no ámbito das facultades relacionadas coa pericia e os coñecementos especializados dos seus membros, e, por tanto, do marxe de valoración discrecional que conforma o exercicio desas facultades), procede informar o que segue.

Na Base xeral Décimo segunda reguladora deste proceso selectivo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 21 de marzo de 2018, rubricada “QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA” defínese o obxecto e alcance deste concreto proceso selectivo como o “*ascenso dende corpos ou escalas dun subgrupo de titulación a outro do inmediato superior, ou no acceso a corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación, sempre que se trate de prazas de contido similar e se faga constar nas convocatorias específicas. En calquera caso a promoción interna rexerase polo disposto no título V do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso e normativa de concordante aplicación*”.

Pola súa banda, na Base específica décimo segunda, referida á cobertura de dúas prazas funcionariais de “SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS”, establécese como sistema de provisión o concurso-oposición, engadíndose no epígrafe III a seguinte previsión:

  2  



*“Sistema de selección. Establécese o de concurso-oposición, e resérvase para promoción interna entre funcionarios de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que contén cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeiro e condutor bombeiro.*

*A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 12 das xerais coas seguintes particularidades no baremo de antigüidade:*

*0,05 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 0,80 puntos.*

*0,10 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como cabo ata un máximo de 1,00 puntos.*

*0,15 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como sarxento ata un máximo de 1,20 puntos”.*

Na sesión constitutiva do órgano de selección, celebrada o día 29.10.2018, acordouse pospoñer para un momento posterior a avaliación da fase de méritos do proceso selectivo (concurso-oposición), ao non dispoñer o Tribunal, naquel momento, a pertinente certificación ou informe do Departamento de Recursos Humanos onde se acreditase a antigüidade que ostenta cada un dos aspirantes admitidos nas distintas categorías profesionais que, pretendidamente, serían obxecto de valoración como mérito (bombeiro/ condutor bombeiro, cabo, sarxento).

Con data 30.10.2018 solicítase a emisión do pertinente documento do servizo de Recursos Humanos, ao obxecto de que, á maior brevidade, certifícase a antigüidade de cada un dos aspirantes admitidos, e onde se fíxese constar o seu tempo de permanencia en cada unha das categorías referidas (bombeiro/ condutor bombeiro, cabo, sarxento), con expresa indicación da data da resolución administrativa da que trae causa o nomeamento ou efectiva integración do aspirante nalgunha desas tres categorías profesionais, mediante a correspondente asignación do posto asociado á praza.

O mesmo día, o Técnico de Organización e planificación de Recursos Humanos emite informe onde se conteñen as respectivas antigüidades dos aspirantes nesas categorías, non constando ningún tempo de servizos prestado na categoría de “Sarxento”.

Certo é que as Bases de selección dun proceso selectivo constitúen a lei á que debe suxeitarse o procedemento e a resolución do mesmo, de xeito que, unha vez firmes e consentidas, vinculan por igual aos participantes e á Administración (tal e como razoa a doutrina xurisprudencial, por outras, na sentenza do TS de 9-2-2002, rec. 985/2000). Pero non é menos certo que todos os actos emanados por este órgano colexiado que teñan por obxecto dar estrita execución aos mandatos contidos nas bases reitoras do procedemento deben realizarse na procura de cohonestar a súa correcta aplicación co resto das normas, tamén de obrigada e directa aplicación, impostas polo noso ordenamento xurídico.

Aínda cando non debería ser competencia do órgano de selección interpretar cal puido ser o espírito ou finalidade que podía perseguirse baixo a redacción daquela singular previsión, así contida nas bases específicas do concurso-oposición (“**A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 12 das xerais coas seguintes particularidades no baremo de antigüidade: /.../ 0,15 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como sarxento ata un máximo de 1,20 puntos**”), resulta obrigado facer unha aclaración legal verbo da capacidade de aplicación, polo órgano de selección, desta concreta norma.

Non deixando de resultar, en boa medida, desconcertante, que nas bases específicas se pretenda introducir como mérito, en concepto de antigüidade, o tempo de servizos prestados na propia categoría profesional de “sarxento” que aquí se convoca (e que, por ser de superior grupo de titulación, constitúe, precisamente, o obxecto desta promoción interna), o que si resulta evidente, sen ter que asumir maiores esforzos de comprensión xurídica, é que para poder avaliar tales pretendidos tempos de servizo prestados na mesma praza que conforma o obxecto deste proceso selectivo teríase que acreditar, polo servizo municipal competente e mediante a emisión do preceptivo certificado ou informe, a antigüidade de cada un dos aspirantes admitidos nesta categoría, con expresa indicación da data da resolución administrativa da que trae causa o nomeamento ou efectiva integración do aspirante nesa categoría profesional.

Fora cal fose a orixinalidade do mecanismo empregado para decretar, en favor aos bombeiros, condutores-bombeiros ou cabos do servizo de extinción de incendios, un eventual nomeamento, designación, ou atribución de funcións temporais na praza de superior categoría profesional que agora se convoca (sarxento), o certo é que, para que o órgano de selección poida avaliar na fase de concurso tal hipotético <<mérito>>, este ten que traer causa dun



procedemento competitivo previo, debidamente regrado, baseado na observancia dos principios constitucionais de publicidade, igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso a todo cargo público. E, ademais, que a tramitación do procedemento culminase cunha resolución administrativa emitida por algún dos órganos de goberno municipais que ostentan competencias resolutorias (E, como sabemos, no ámbito desta Administración, os únicos órganos que legalmente ostentan as facultades resolutorias en calquera procedemento administrativo son (1) o Pleno da Corporación, (2) a Alcaldía-Presidencia, (3) a Xunta de Goberno Local, así como (4) os concelleiros delegados de área cando actúen por delegación dalgún dos anteriores órganos -artigos 123, 124 e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local-).

Por tanto, serán os órganos que legalmente ostentan as competencias resolutorias na Administración pública, e moi especialmente en materia de persoal (Xunta de Goberno/Alcaldía Presidencia, de acordo co reparto legal de competencias establecido polo lexislador), os que teñen a potestade de acordar unha medida de tal natureza. E non acreditándose tales extremos polo Departamento de Recursos Humanos, dificilmente poderá o órgano de selección suplir tal deficiencia probatoria.

Chegados a esta orde de razoamentos cumpre advertir que as denominadas “*encomendas de funcións*” que eventualmente fosen adoptadas para solucionar unha necesidade organizativa temporal nun determinado servizo (reguladas no artigo 37.2 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, de aplicación aos funcionarios das entidades locais, e no artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, de igual aplicación aos funcionarios das entidades locais), dificilmente poden configurarse tales instrumentos de asignación de cometidos como “tempo de efectivo de servizos prestados” nunha concreta escala, aos efectos de valoración deste mérito. E isto por canto as “*encomendas de funcións*” non comportan ningún mecanismo oficial de integración na superior categoría (a base xeral 12ª, referida á promoción interna, regula o concepto de “antigüidade”, dentro da fase de concurso, como o tempo de servizos “*integrado*” nun grupo ou escala).

Precisamente por esta razón, o artigo 44.1 letra e) do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, referíndose á valoración de méritos nos procesos de provisión de postos de traballo, polo sistema de concurso, entre funcionarios de carreira – previsión legal que, *mutatis mutandi*, resultaría perfectamente predicable verbo dun concurso de méritos para os accesos a prazas funcionariais convocadas por promoción interna-, preceptúa que “*La antigüedad se valorará por años de servicios, computándose a estos efectos los reconocidos que se hubieren prestado con anterioridad a la adquisición de la condición de funcionario de carrera. No se computarán los servicios prestados simultáneamente con otros igualmente alegados. El correspondiente baremo podrá diferenciar la puntuación en atención a los Cuerpos o Escalas en que se hayan desempeñado los servicios*”. E, con similar redacción, impón a mesma esixencia o artigo 10.1.f) do, aínda vixente, Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos Funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia (vixente *ex* Disposición Derrogatoria 1ª, apartado 2º, da lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego Público de Galicia, de aplicación supletoria ás entidades locais).

Para maior claridade, o Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos Funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 23 (referido ao ascenso por promoción interna), que “*na fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, valoraranse, entre outros méritos, a antigüidade do funcionario no corpo ou escala a que pertenza*”, polo que, se ese tempo de servizos efectivos xa se valora consonte ás bases nas categorías de bombeiro, condutor-bombeiro e cabo (e dicir, o tempo de servizos efectivamente prestados na categoría de acceso, Subgrupo C2), resultaría contrario a Dereito pretender valorar ese mesmo tempo, de forma simultánea, nunha categoría profesional superior -como é o caso da praza de *sarxento*- simplemente polo feito de que o funcionario gozase, ao seu favor, dunha “*encomenda de funcións*” que tivese por obxecto compatibilizar as funcións propias da súa praza de orixe, de maneira temporal, coas funcións dun posto de categoría superior.

Polo tanto, so cando algún aspirante puidese acreditar un tempo de servizos efectivos, prestados nesta ou outra administración, xa fose como funcionario de carreira ou interino, na categoría profesional de *sarxento* (Subgrupo C1), realizado *a través do correspondente nomeamento e* previa tramitación do preceptivo procedemento selectivo, podería o órgano de selección valorar esa antigüidade como mérito de acordo coas previsións contidas nas bases xerais e específicas que rexen este proceso (tratándose de servizos prestados nesta mesma Administración, o lóxico é entender que o eventual nomeamento como *sarxento* debера producirse baixo unha relación funcional en réxime de interinidade, xa que o nomeamento en réxime de propiedade é, precisamente, o obxecto desta promoción interna).



*Contrario sensu*, de pretender valorarse, simultaneamente e como mérito, o tempo de servizos prestado na categoría de bombeiro, condutor bombeiro ou cabo (as tres pertencentes ao Subgrupo C2 de titulación) co tempo de servizos nos que puideron compatibilizar, mediante unha encomenda de funcións, as tarefas propias da categoría superior á que agora pretenden acceder (Subgrupo C1), tal eventualidade vulneraría frontalmente o disposto nos preceptos legais arriba transcritos, sobre todo se tales tarefas, repetimos, foron encomendadas de forma provisoria ou temporal e á marxe de ningún procedemento selectivo regulado de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En efecto, unha cousa é que, con carácter temporal e por razóns de interese público debidamente motivadas poidan encomendarse, aos funcionarios públicos, funcións de superior categoría profesional, e, incluso, que esta eventualidade puidese chegar a xerar algún tipo de consecuencias retributivas a favor do funcionario (*encomendas de funcións* que, no ámbito do SEIS, acadan a natureza dunha obriga para o caso dos Cabos, *ex* artigo 17. do Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 28 de maio de 1998, BOP de Pontevedra 128, de 7 de xullo de 1998), e outra ben distinta é que o tempo de servizos nos que se puído compatibilizar tales funcións de superior categoría xeren un beneficio valorativo, nun proceso de promoción interna, en favor do funcionario agraciado por tal situación fronte a outros aspirantes.

Se extrapolásemos esta ocorrente <<posibilidade>> a calquera proceso de selección interno, xa fora para a provisión de postos de traballo (carreira horizontal), xa fora para a cobertura de prazas de superior categoría (promoción interna vertical), resultaría que se estaría precisamente premiando, no proceso de promoción, a aqueles empregados públicos en cuxo favor algunha autoridade ou superioridade xerárquica lle atribuíse de forma discrecional e *ad personam* o desempeño temporal ou provisorio de determinadas funcións ou, incluso, a adscrición dun concreto posto de traballo, baixo a suposta existencia dunhas <<necesidades do servizo>>.

Esta hipotética situación de partida podería dar pábulo a que a encomenda de tales cometidos ou tarefas, ou incluso a adscrición provisoria de determinados postos de traballo, se ordenasen, a sabendas e de antemán, na procura de que algún día fosen valoradas estas situacións excepcionais nun futuro proceso de promoción interna, horizontal ou vertical, en prexuízo doutros funcionarios da mesma categoría profesional. O que sería tanto o mesmo que afirmar que a confección das bases reitoras, de chegar a ter por finalidade tal pretensión valorativa, ou, incluso, a propia actuación do tribunal cualificador, de chegar a avaliar como mérito tales tempos de servizo prestados á marxe de ningún procedemento competitivo regulado, estarían xa preconditionando o resultado do proceso de promoción interna ou de carreira horizontal en beneficio daqueles funcionarios <<privilexiados>> que tiveron a sorte de gozar dunha *encomenda de funcións* ou dunha *adscrición temporal* a un concreto posto de traballo á marxe de ningún proceso de pública concorrencia, e obviando os principios de igualdade de acceso, publicidade, mérito e capacidade.

Esta hipotética posibilidade, que non merecería sequera ser admitida nin a meros efectos dialécticos, supoñería, simplemente, un exercicio de desviación de poder, concepto xurídico administrativo perfectamente desenvolvido pola doutrina xurisprudencial da orde contencioso administrativo e que, en non poucas ocasións, ven perfilado baixo unhas características de comportamento moi próximas ao delito de *prevaricación administrativa*.

O artigo 80 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, á hora de regular a promoción interna vertical do funcionario de carreira, preceptúa a obriga de respectar, polo órgano de selección e en todo momento, os principios de igualdade, mérito e capacidade, principios de actuación igualmente recollidos nos artigos 49 e 55 da mesma lei. E o acatamento a tales principios obriga ao órgano de selección a rexeitar as alegacións presentadas no tocante a este particular.

**Terceiro.- Sobre a valoración, a efecto de méritos na fase de concurso, dos certificados de profesionalidade regulados no Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.**

Algúns aspirantes cuestionan, a través das súas respectivas alegacións, que non fosen tidos en conta os denominados *certificados de profesionalidade* nin como "titulación de acceso" á praza convocada nin como "titulación académica" susceptible de valoración, como mérito, segundo o apartado 3 da letra C) (titulacións académicas) da Base Xeral 12.2.

Segundo a Bases específica XII (Sarxento Extinción de Incendios), apartado III, a fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na Base Xeral 12ª.



Na Base Xeral 12ª (quenda de promoción interna), apartado 3 (titulacións académicas) prevese a valoración de 1 punto "por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza", e outro punto máis "por estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente".

Na Base específica XII (Sarxento Extinción de Incendios), apartado IV, prevese que "as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de **Bacharelato Superior, FP II ou equivalente**, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación".

Polo que respecta á equivalencia doutros estudos co bacharelato, no Artigo 6 da orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, *Equivalencia a efectos profesionais doutros estudos*, preceptúa que as solicitudes de equivalencias a efectos profesionais doutros estudos non contemplados nos artigos anteriores cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou de Bacharelato deberán dirixirse ao órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente, que requirirán informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Educación no caso de que este non teña establecido os criterios correspondentes a aplicar para a súa resolución, e que as resolucións individualizadas de equivalencia que, en todo caso, emitirá a Administración educativa correspondente, deberán xustificar a resolución emitida indicando o criterio ou informe emitido polo Ministerio de Educación que se aplica.

Polo que respecta ás equivalencias doutros estudos co título de Formación profesional de segundo grao (FP II), o Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, prevé na Disposición final segunda, *Equivalencia entre os títulos anteriores, os actuais títulos de formación profesional e as novas titulacións*, que o Goberno, previa consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, determinará as equivalencias entre os títulos de formación profesional da Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e de Financiamento da Reforma Educativa, os títulos vixentes da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, e os que se establezan ao amparo da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).

Se o aspirante non acredita consonte aos termos previstos na Base xeral décimo terceira, e a través da pertinente certificación emitida pola autoridade educativa competente, que os *certificados de profesionalidade* regulados no Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, son equiparables ao título de bacharelato ou título de FP II, tal ausencia probatoria impide, ao órgano de selección, a súa valoración como *mérito de titulación* aos efectos do previsto na Base específica XII, apartado IV, cuxa literalidade debe ser obxecto de acatamento polo órgano de selección, tal e como así figura redactada.

Cousa distinta é que os *certificados de profesionalidade* poidan ser valorados como mérito pero baixo o apartado de "cursos" - epígrafe 2º da letra C) da Base Xeral 12.2-, pero non baixo o apartado 3 da mesma letra C) (titulacións académicas) da Base Xeral 12.2.

#### **Cuarto.- Sobre o tempo de servizos prestado en réxime laboral.**

Algún aspirante cuestiona que non se lle valore, na fase de concurso, o tempo de servizos prestados baixo un réxime de contratación laboral.

A Base específica décimo segunda, referida á cobertura de dúas prazas funcionariais de "SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS", establece no epígrafe III a seguinte previsión, e que novamente transcribimos:

"Sistema de selección. Establécese o de concurso-oposición, e resérvase para promoción interna entre funcionarios de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que contén cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeiro e condutor bombeiro.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 12 das xerais coas seguintes particularidades no baremo de antigüidade:

0,05 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 0,80 puntos.

0,10 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como cabo ata un máximo de 1,00 puntos.

0,15 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como sarxento ata un máximo de 1,20 puntos".



A base Xeral 12ª, quenda de promoción interna, prevé que **“na fase de concurso rexerá o seguinte baremo, agás que legalmente de esixa outro ou que nas bases específicas se estableza outro diferente: 1.- Antigüidade. Por cada ano ou, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses, integrado no grupo ou escala de orixe: ...”**.

Con similar alcance, o Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos Funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, (vixente ex Disposición Derrogatoria 1ª, apartado 2º, da lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego Público de Galicia, de aplicación supletoria ás entidades locais), establece tamén no seu artigo 23 (referido ao **ascenso por promoción interna**), que **“na fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, valoraranse, entre outros méritos, a antigüidade do funcionario no corpo ou escala a que pertenza”**.

A claridade que preside a redacción literal das normas transcritas non deixa marxe para outra conclusión que non sexa a seguinte: a antigüidade, para ser valorada como mérito, ten que comportar unha *integración no grupo ou escala funcional de orixe*. Isto é o que din as Bases e isto é o que ten que aplicar o órgano de selección. As decisións que outros órganos de selección puideran ter adoptado sobre este mesmo ou similar elemento de discusión (que é o argumento esgrimido por algún aspirante, invocando outros supostos precedentes como elemento motivador da súa reclamación), é unha cuestión allea a este procedemento e á capacidade de decisión que lexitimamente ostenta este órgano colexiado.

**Quinto.- Sobre a capacidade do órgano de selección de anular aquelas preguntas do exame test que presenten algún erro ou incorrección tanto na formulación da pregunta como na confección das respostas ofrecidas aos aspirantes.**

Tal e como xa apuntou o Tribunal Supremo na súa sentenza de 26/2/2013 (recurso de casación 2224/2012), da mesma maneira que na realización das probas tipo *test* ao aspirante non se lle permite ningún desenvolvemento explicativo das razóns da súa opción, tamén deberá existir unha lóxica correspondencia entre as preguntas formuladas e as respostas que se declaren correctas entre as distintas alternativas enunciadas, dada a específica configuración que teñen este tipo de probas, consistente en que o único que está permitido ao examinando é, precisamente, elixir unha das varias alternativas propostas.


Por elo, fronte a calquera actuación nula do Tribunal cualificador á hora de elaborar ou corrixir este tipo de exames (nulidade que devén sempre que se adopte unha decisión arbitraria ou errónea de maneira clara e ostentosa, o que sucedería cando a mesma resulta contraria á lóxica ou a toda razón de ciencia), e unha vez que a causa de nulidade é detectada -xa fose de oficio ou a instancia de parte-, resulta obrigado proceder a súa corrección. Do contrario, isto é, de non corrixirse a incorrecta actuación do Tribunal, se estaría atentando ao máis elemental principio de racionalidade, así como aos principios de mérito e capacidade que deben rexer os procesos de acceso á función pública, xa que non resultaría cabalmente entendible constatar ou pretender declarar unha aptitude profesional con base en respostas erróneas.

Por tanto, detectado un erro *manifesto* na formulación dunha pregunta, ou na confección das respostas ofrecidas tal que impida aos aspirantes ofrecer unha resposta cabal á cuestión plantexada, o deber do Tribunal é subsanalo, anulando a pregunta e substituíndoa por unha de reserva.

As correccións así realizadas atoparían acomodo, por tanto, no artigo no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, precepto que faculta ás Administracións Públicas, dunha banda (i), para revogar, mentres non transcorreran os prazos de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables (como é o caso), sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico, e, doutra (ii), rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Nesta liña de razoamentos cumpre traer a colación o maxisterio contido na **Sentenza 649/2003, de 7 de novembro de 2003 do T.S.X. de Castilla-La Mancha, Secc. 2ª**, con sede en Albacete, cando razoa, ante un suposto idéntico ao aquí analizado, o seguinte:

*“La regulación de la revisión de los actos en vía administrativa en el Título VI de la Ley 30/92, de 26 de Noviembre, contempla en su Capítulo I la revisión de oficio, distinguiendo entre la revisión de disposiciones y actos nulos (art. 102), la declaración de lesividad de los actos anulables (art. 103), y la revocación de actos y rectificación de errores (artículo 105); y así mientras los primeros se refieren a actos favorables para los interesados el artículo 105 establece la posibilidad de revocar en cualquier*





*momento los actos desfavorables o de gravamen, así como rectificar los errores materiales, de hecho o aritméticos. Pues bien, el Tribunal ha aplicado este último precepto adecuadamente, tanto por tratarse de un error que perjudicaba a todos los opositores (acto de gravamen), ya que todos habían incidido en el mismo error, por lo que al corregirse se han considerado beneficiados en su puntuación, como en que, efectivamente, ha de considerarse como un simple error material, de marcación de una letra, como correcta en vez de otra, en la solución del test. El principio de conservación de los actos administrativos ha llevado al Tribunal a la solución más beneficiosa para todos los opositores, ya que, al no existir duda del error y del perjuicio causado en las valoraciones, si se hubiere actuado, como pretende el recurrente, con base en los artículos 102 o 103 de la Ley 30/92, no hay duda de que la declaración de nulidad o la anulabilidad se habría producido bastante tiempo después y se hubieran retrotraído las actuaciones, en perjuicio de todos los opositores; ya que lo que no puede ponerse en duda es el derecho de la codemandada Sra. Julieta a que se corrigiera el error y se la valorase debidamente. Por ello, y como ha declarado esta misma Sala en Sentencia de 13 de Abril de 1.999, en un caso similar al presente, de no haberse aceptado la corrección del error y la posibilidad de acceder al segundo ejercicio, se habría vulnerado su derecho constitucional al acceso en condiciones de igualdad a los empleos públicos, posibilitando pueda ser examinada y evaluada individualmente, en vez de proceder a la anulación de todos los exámenes y proceder a su repetición.”*

Nestes casos, o Tribunal debe subsanar os erros eventualmente incorridos, xa fose actuando de oficio ou mediante a estimación das reclamacións que puideran terse promovido a instancia dos aspirantes, xa que sería contrario aos principios reitores do acceso á función pública, así como aos principios de legalidade, boa fe e confianza llexítima que deben inspirar o correcto actuar da Administración, que, sendo coñecedores os membros do Tribunal dun erro evidente que afecta ao resultado do proceso, obvien corrixilo, podendo facelo.

Agora ben, para que o exercicio desta facultade revisoria teña lugar, ten que vir referida a supostos onde a formulación da pregunta ou a confección das respostas alternativas que foron ofrecidas aos aspirantes realmente lle induzan a error, é dicir, debe tratarse de incongruencias de tal calado que non admitan a menor marxe de dúbida en canto á irracionalidade que se imputa á pregunta formulada. Dito doutro xeito, cando o aspirante vese imposibilitado de elixir, de forma coherente, unha resposta reputándoa como a máis acertada ou racional entre as que foron sometidas á súa consideración.

Por tanto, que exista unha simple marxe de discrepancia ou dialéctica argumental entre o aspirante (ou, incluso, entre a opinión dun perito de parte feita valer polo aspirante en defensa das súas pretensións) e o criterio mantido polo órgano de selección á hora de formular unha pregunta do cuestionario e dar por válida unha concreta resposta das distintas que lle foron ofrecidas aos opositores -o que se presenta como unha vicisitude procedimental llexítima e, polo demais, inevitable na maioría dos procesos selectivos, ao mesmo que sucede en todos os ámbitos do saber especializado-, non significa que tal punto de controversia evidencie, por si mesma, ningunha actuación arbitraria ou irracional por parte do órgano de selección.

As posibles diverxencias entre as opinións técnicas dos aspirantes e o criterio mantido polo órgano de selección teñen que resolverse, en favor do aspirante, só cando a actuación do Tribunal rebase os límites dese ineludible e respectable marxe de apreciación discrecional na aplicación da pericia, dos coñecementos especializados, da solvencia técnica e da neutralidade que se lles presupón aos seus membros integrantes. O que é o mesmo, sempre que conste, dunha maneira inequívoca e patente, que o órgano de selección incorre nun *error técnico insostible*, cuxo mantemento aboque a uns resultados irracionais e arbitrarios, ou cando a súa actuación atente a ao principio de igualdade que rexe o acceso ás funcións públicas (artigos 14 e 23.2 CE), de tal sorte que os criterios técnicos que decidan a selección dos aspirantes non fosen idénticos para todos eles.

Tratándose por tanto de preguntas tipo test, se existe unha resposta que mereza ser reputada como a máis lóxica e congruente -sequera por razón dun elemental proceso de descarte das demais respostas alternativas ofrecidas aos aspirantes, especialmente cando se evidencian estas últimas como absurdas ou inviables de acordo coa propia formulación do enunciado), dificilmente podería apreciarse un motivo de anulación da pregunta.

Dito noutros termos, ten que tratarse dun erro da pregunta susceptible de constatarse ben fose con simples comprobacións sensoriais, ben fose con criterios de lóxica elemental ou común que non requiran de saberes especializados, ou, noutros casos, é dicir, cando a invalidez dunha pregunta pretenda sosterse por un xuízo técnico ou especializado distinto ao mantido polo órgano de selección, consiga aportar o aspirante unha proba de ciencia que evidencie, sen marxe para a dúbida, a imposibilidade de contestar, de forma racional, a ningunha das respostas alternativas ofrecidas no cuestionario.

Como razoa a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco de fecha 13 de setembro de 2016, rec. 864/2015,



"Esta labor dialéctica, esta crítica de la actuación técnica administrativa porque no se acomoda a sus presupuestos normativos o a los principios de la ciencia, arte o técnica, se puede fundar bien en argumentos asequibles para el ciudadano medio (por ejemplo por ser evidentes para cualquiera el error o las deficiencias que pueda presentar la actuación especializada administrativa) bien en argumentos también periciales o bien en ambos simultáneamente pero lo que no podrá pretenderse es la mera sustitución de la actividad administrativa por la voluntad de la parte. En realidad cuando la jurisprudencia nos dice que el criterio especializado administrativo goza de la presunción de acierto por su naturaleza objetiva y especializada (no olvidemos tampoco la presunción de validez y licitud de la actuación administrativa en general) no está aplicando más que las reglas de la sana crítica y las presunciones legales que, no se olvide, son las que rigen también la valoración de la prueba pericial en todo tipo de procesos".

Por iso, naqueles supostos nos que se detecte un erro de corrección e non un erro de formulación da pregunta, o correcto actuar será corrixir ese erro, reputando como correcta a resposta que realmente o é, e puntualala aos aspirantes que, acertadamente, así a tivesen marcado como correcta, e non precisamente anular a pregunta.

Concluindo, o órgano de selección ten que ser especialmente escrupuloso e cauto á hora de xustificar porqué se aparta do xuízo de valor que inspirou o deseño do cuestionario test, decidindo anular unha concreta pregunta".

### **PUNTO PRIMEIRO: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN (EXAME TEST) .**

Transcrito na presente Acta o amentado Informe, considerando as advertencias de orde legal que resultan incorporadas ao mesmo, vistas as distintas alegacións presentadas polos aspirantes contra algunhas das preguntas que integraron o cuestionario do primeiro exercicio da oposición, e visto igualmente o contido dos argumentos impugnatorios que se fan valer polos aspirantes nas súas respectivas alegacións, procédese polos membros do órgano de selección a unha análise e estudo pormenorizado das distintas preguntas impugnadas, adoptándose por este órgano colexiado, de forma unánime, a decisión motivada que respectivamente se incorporará, de seguido, para cada unha das preguntas impugnadas:

**Pregunta 5.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Non é unha obrigación mínima para todos os municipios:*

- a) Mercado municipal.*
- b) Control de alimentos.*
- c) Alumeado público.*
- d) Recollida de lixo."*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta, pero reputando como respostas válidas susceptibles de seren valoradas a A) e mais a B), indistintamente.

Explicación: No artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, regúlanse os servizos mínimos que deben ser prestados polos concellos. Entre eses servizos mínimos figuran o alumeado público e máis a recollida de lixo (artigo 26.1.a), non figurando nin os mercados municipais nin o control de alimentos. Por tanto, serían perfectamente válidas tanto a resposta A) (mercado municipal) como a B) (control de alimentos), xa que a pregunta estaba formulada en sentido negativo.

A problemática suscitada nesta esta pregunta non evidencia, propiamente, un erro na súa formulación (que está lóxica e perfectamente realizada), nin tampouco un erro na validez das catro respostas ofrecidas tal que puidese impedir, aos aspirantes, decantarse por ningunha desas respostas alternativas imposibilitándolles a exteriorización dunha cabal contestación. O problema detectado trae exclusiva causa no ofrecemento de dúas respostas que poderían reputarse, indistintamente, como correctas e como mesmo grao de acerto e validez, isto e, a resposta A) e máis a resposta B).

Trátase, por tanto, dun erro na corrección, e non nun erro na formulación da pregunta susceptible de xerar a súa nulidade, ao existir unha lóxica correlación entre o suposto de feito que se plantexa aos aspirantes e dúas das respostas que merecen declararse como correctas entre as distintas alternativas enunciadas, polo que, lonxe de decantarse o órgano de selección pola opción máis radical -anulación da pregunta- opta por manter a súa validez pero reputando como posibles respostas correctas a A) e a B), xa que logo as C) e a D) entran en clara contradición co precepto legal que ofrece resposta á pregunta formulada, decisión que se



adopta, por este órgano de selección, respectando en todo momento os principios constitucionais de igualdade de trato, mérito e capacidade ante todos os aspirantes, xa que se adopta a decisión de forma extensiva e equitativa para con todos aqueles aspirantes que puideron decantarse, indistintamente, por calquera das dúas respostas válidas, decisión que permite cohonestar o principio procedimental de mantemento dos actos administrativos (artigos 50, 51 e 52 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común) co principio constitucional de interdicción da arbitrariedade (artigo 9 CE).

A solución adoptada tampouco comporta contravención das bases xerais ou específicas xa que, os únicos condicionados que se impoñen ao órgano de valoración no tocante ao cómputo das valoracións do exame teórico tipo test son (1) que a valoración do exercicio se cualifique cun máximo de 10 puntos, debendo quedar eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos -base xeral décima en concordancia coa base específica XII. VI -, (2) que o cuestionario conteña 50 preguntas avaliáveis (base específica XII. VI), (3) que as respostas incorrectas penalicen a metade da puntuación de cada pregunta acertada (base específica XII.VI) e (4) que non se cualifiquen as preguntas non contestadas (base específica XII.VI), esixencias que se manteñen, en igualdade de condicións, para todos os aspirantes que executaron esta concreta proba.

**Pregunta 8.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Nos equipos hidráulicos a presión se transforma en forza gracias ao principio de:*

- a) Arquímedes.
- b) Pasqual.
- c) Venturi.
- d) Ningunha é correcta."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Considerar como resposta correcta é a D) e non a B), puntuándoa aos aspirantes que, acertadamente, así a tivesen marcado como correcta.

Explicación: Tampouco estamos ante ningún erro nin na formulación da pregunta nin na confección das respostas alternativas. Existe unha resposta que garda fel e perfecto acomodo coa pregunta formulada, a resposta D). En efecto, a correspondencia entre esta resposta a pregunta queda fora de toda dúbida: Nin "Arquímedes", nin "Pasqual", nin "Venturi" formularon principio físico relacionado coa transformación da presión. Foi o físico-matemático francés Blaise Pascal (1623-1662), polo que ningunha das tres primeiras respostas ofrecidas aos aspirantes é certa .

**Pregunta 9.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"A curva característica dunha bomba é:*

- a) Un gráfico que representa a relación de carga-caudal que garantiza a bomba.
- b) A relación entre a altura xeométrica e o caudal.
- c) A curva que representa as cantidades de líquido que a bomba pode entregar a distintas cargas.
- d) As respostas a) e c) son correctas."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D) -"As respostas a) e c) son correctas"-.

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta.

Explicación: A Curva Característica dunha Bomba Centrífuga é un gráfico que representa a relación única de Carga – Caudal que garante a Bomba a determinada velocidade de rotación do seu impulsor. Nesa gráfica obsérvase a curva que representa as cantidades de líquido que a bomba pode entregar a distintas cargas.

Deste xeito, os fabricantes das Bombas para Auga e outros produtos, solen xerar para cada un dos seus modelos, Catálogos desde os que o deseñador das Estacións de Bombeo, poida seleccionar a Curva Característica dunha Bomba Centrífuga en función do punto de operación da instalación na que a mesma se dispoñerá. A resposta D) (As respostas a) e c) son correctas) é a que ofrece unha definición máis completa do concepto de *curva característica* dunha bomba, xa que é un gráfico que representa a relación de carga-



caudal que garante a bomba, representando as cantidades de líquido que a bomba pode entregar a distintas cargas.

**Pregunta 11.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Para as comunicacións móbiles en ámbitos urbanos é recomendable traballar nunha banda de:*

- a) VHF banda baixa.
- b) UHF.
- c) VHF banda alta.
- d) AM."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B) (UHF).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta.

Explicación: O enunciado da pregunta formúlase sobre a base dunha "recomendación" (*"Para as comunicacións móbiles en ámbitos urbanos é recomendable traballar nunha banda de ..."*), e non sobre a base dunha mera posibilidade técnica.

VHF y UHF, acrónimos de *Very High Frequency* (VHF) e *Ultra High Frequency* (UHF), son as bandas que se encontran por riba de HF (High Frequency), abrangendo desde 30 MHz ata 3.000 MHz. No caso de VHF o rango é de 30 MHz a 300 MHz, e no caso de UHF de 300 MHz a 3 GHz. Son dúas bandas que xeralmente están relacionadas, aínda que, en realidade, difiren en propiedades e rangos de frecuencias.

As radios de comunicación UHF son utilizados, con maior frecuencia, en lugares onde se pode encontrar moita interferencia, como son os espazos netamente urbanos onde a presenza de edificios e construcións caracteriza a súa entorna, xa que estes radios de comunicación poden pasar a través do aceiro, madeira e outros materiais de construción.

Porén, a frecuencia VHF funciona mellor en espazos máis abertos e que contén con menos obstáculos construtivos que dificulten a transmisión da sinal. Por iso as frecuencias UHF son as utilizadas habitualmente en espazos ou entornas tipicamente urbanas, mentres que a frecuencia VHF emprégase para comunicacións realizadas sobre ámbitos territoriais máis amplos e nos que non existan tantas barreiras artificiais de interferencia. Por tal razón a resposta correcta é a B).

**Pregunta 13.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Se denomina cavitación a:*

- a) A depresión que producen as bombas centrífugas cando traballan en vacío.
- b) Dispoñer dun caudal de aspiración inferior ao demandado pola impulsión.
- c) A formación de burbuxas de vapor no seo dun líquido.
- d) O embolsamento de aire no codo dunha tubería."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como válida.

Explicación: A cavitación non é outra cousa que a formación de cavidades cheas de vapor ou de gas (burbullas) no seo dun líquido en movemento, e prodúcese cando a presión nun punto do líquido resulta inferior á tensión do vapor. Tal definición correspóndese coa resposta C), e que así foi considerada como válida polo órgano de selección, por se-la única que ofrece unha definición máis precisa para este concepto, tal e como comunmente é aceptada, por outra banda, polo saber científico.

**Pregunta 14.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Cantos centímetros de aspiración perden as bombas centrífugas, aproximadamente por cada cen metros de altitude?"*

- a) 5 cm.
- b) 9 cm.
- c) 13 cm.



d) 17 cm."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta.

Explicación: As bombas centrífugas non son, senón, máquinas hidráulicas compostas, en esencia, por un impulsor con alabes, que accionado desde o exterior, transmite ao líquido a enerxía necesaria para obter unha presión determinada. O corpo da bomba ou voluta recibe o líquido saído do impulsor e pola súa construción especial transforma a súa enerxía cinética en presión, dirixíndoo ao mesmo tempo cara o exterior por la canalización de descarga. Hai gran variedade de bombas en cuanto se refire ás súas formas de construción, e de acordo coas aplicacións particulares ou imperativos mecánicos que demanden.

En todo caso, e tendo en conta que, no caso das bombas centrífugas utilizadas polos servizos de extinción de incendios o que bombean non é outra cousa que auga, e sendo unha consecuencia propia das leis da física que, un dos múltiples factores que poden influír na perda do caudal de aspiración é a altitude da canalización, a *ratio "aproximada"* de perda máis común sitúase entorno aos 13 cm de aspiración por cada 100 metros de altitude de canalización, sendo o resto dos valores que se inclúen no cadro de respostas senón desproporcionados, cando menos totalmente inhabituais en condicións normais de uso, polo que, sequera por unha elemental redución ao absurdo, esa era a resposta que mais se aproxima á realidade.

**Pregunta 18.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"A relación de axentes extintores que son empregados para combater lumes de metais é a seguinte, indica o incorrecto:*

- a) Polvo Na-X.
- b) Polvo G-1.
- c) Cloruro de litio.
- d) Polvo METAL-Z-X."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta ofrecida como correcta.

Explicación: Tanto o Polvo "Na-X" (composto principalmente de Carbonato sódico, aditivos fluidificantes e antihigroscópicos), como o o Polvo G-1 "Pireno" (Coque de fundición grafitado e fosfato orgánico), como o cloruro de litio (sal formada por cloro e litio en proporción 1:1, que se comporta como un composto iónico típico de características parecidas á sal común), poden empregarse, obviamente con distinto grao de eficacia, para a extinción de lumes onde a fonte de combustión é o metal.

Porén, o Polvo METAL-Z-X, non existe como tal. Non resposta a ningún nome ou nomenclatura comercial. A pregunta está formulada en sentido negativo ("indica o incorrecto"), polo que a resposta D) é a válida.

**Pregunta 19.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Cantas instrucións técnicas complementarias ten o REBT:*

- a) 51 ITC.
- b) 29 ITC.
- c) 365 ITC.
- d) 18 ITC."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: anular a pregunta, substituíndoa pola pregunta de reserva número 52.

O regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT), aprobado por Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, ten por obxecto establecer o marco das condicións técnicas e garantías que deben reunir as instalacións eléctricas conectadas a unha fonte de subministro nos límites de baixa tensión.



O actual Índice das instrucións técnicas complementarias que acompañan ao regulamento son as seguintes:

- ITC-BT-01 Terminoloxía.
- ITC-BT-02 Normas de referencia no Regulamento Electrotécnico de baixa tensión.
- ITC-BT-03 Instaladores autorizados e empresas instaladoras autorizadas.
- ITC-BT-04 Documentación e posta en servizo das instalacións.
- ITC-BT-05 Verificacións e inspeccións.
- ITC-BT-06 Redes aéreas para distribución en baixa tensión.
- ITC-BT-07 Redes subterráneas para distribución en baixa tensión.
- ITC-BT-08 Sistemas de conexión do neutro e das masas en redes de distribución de enerxía eléctrica.
- ITC-BT-09 Instalacións de alumado exterior.
- ITC-BT-10 Previsión de cargas para subministros en baixa tensión.
- ITC-BT-11 Redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.
- ITC-BT-12 Instalacións de enlace. Esquemas.
- ITC-BT-13 Instalacións de enlace. Caixas xerais de protección.
- ITC-BT-14 Instalacións de enlace. Liña xeral de alimentación.
- ITC-BT-15 Instalacións de enlace. Derivacións individuais.
- ITC-BT-16 Instalacións de enlace. Contadores: localización e sistemas de instalación.
- ITC-BT-17 Instalacións de enlace. Dispositivos xerais e individuais de mando e protección. Interruptor de control de potencia.
- ITC-BT-18 Instalacións de posta a terra.
- ITC-BT-19 Instalacións interiores ou receptoras. Prescricións xerais.
- ITC-BT-20 Instalacións interiores ou receptoras. Sistemas de instalación.
- ITC-BT-21 Instalacións interiores ou receptoras. Tubos y canais protectores.
- ITC-BT-22 Instalacións interiores ou receptoras. Protección contra sobretensións.
- ITC-BT-23 Instalacións interiores ou receptoras. Protección contra sobreintensidades.
- ITC-BT-24 Instalacións interiores ou receptoras. Protección contra os contactos directos e indirectos.
- ITC-BT-25 Instalacións interiores en vivendas. Número de circuitos e características.
- ITC-BT-26 Instalacións interiores en vivendas. Prescricións xerais de instalación.
- ITC-BT-27 Instalacións interiores en vivendas. Locais que conteñen unha bañeira ou ducha.
- ITC-BT-28 Instalacións en locais de pública concorrencia.
- ITC-BT-29 Prescricións particulares para as instalacións eléctricas dos locais con risco de incendio ou explosión.
- ITC-BT-30 Instalacións en locais de características especiais.
- ITC-BT-31 Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes.
- ITC-BT-32 Instalacións con fins especiais. Máquinas de elevación e transporte.
- ITC-BT-33 Instalacións con fins especiais. Instalacións provisionais e temporais de obras.
- ITC-BT-34 Instalacións con fins especiais. Feiras e stands.
- ITC-BT-35 Instalacións con fins especiais. Establecementos agrícolas e hortícolas.
- ITC-BT-36 Instalacións a moi baixa tensión.
- ITC-BT-37 Instalacións a tensións especiais.
- ITC-BT-38 Instalacións con fins especiais. Requisitos particulares para a instalación eléctrica en quirófanos e salas de intervención.
- ITC-BT-39 Instalacións con fins especiais. Cercas eléctricas para gando.
- ITC-BT-40 Instalacións xeradoras de baixa tensión.
- ITC-BT-41 Instalacións eléctricas en caravanas e parques de caravanas.
- ITC-BT-42 Instalacións eléctricas en portos e mariñas para barcos de recreo.
- ITC-BT-43 Instalacións de receptores. Prescricións xerais.
- ITC-BT-44 Instalación de receptores. Receptores para alumado.
- ITC-BT-45 Instalación de receptores. Aparatos de caldeo.
- ITC-BT-46 Instalación de receptores. Cables e folios radiantes en vivendas.
- ITC-BT-47 Instalación de receptores. Motores.
- ITC-BT-48 Instalación de receptores. Transformadores e autotransformadores. Reactancias e rectificadores. Condensadores.
- ITC-BT-49 Instalacións eléctricas en mobles.
- ITC-BT-50 Instalacións eléctricas en locais que conteñen radiadores para saunas.
- ITC-BT-51 Instalacións de sistemas de automatización, xestión técnica da enerxía e seguridade para vivendas e edificios.
- ITC-BT-52 Instalacións con fins especiais. Infraestrutura para a recarga de vehículos eléctricos.

Na actualidade, son 52 ITCs, e non 51, xa que a ITC BT-52 foi introducida conforme establece o artigo único do R.D. 1053/2014, de 12 de decembro («B.O.E.» 31 decembro), vixente dende o 30 xuño de 2015.

Resulta obvio que o REBT non ten nin 29 ITCs, nin 365 ITCs, nin 18 ITCs, nin 51 ITCs.



Tendo en conta que se lles ofreceu aos aspirantes unha resposta como válida das catro incluídas na pregunta, e que ningunha delas son correctas, existe una incongruencia na formulación da pregunta e das respostas susceptible de inducir a erro no aspirante, polo que procede a anulación da pregunta e a súa substitución pola pregunta de reserva que resulte correlativa de acordo con outras anulacións precedentes.

**Pregunta 20.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Non corresponde ao concepto de gas permanente:*

- a) *Son aqueles cuxa temperatura crítica son inferiores á temperatura ambiente.*
- b) *Os gases permanentes non se poden licuar por compresión se non se baixa a temperatura.*
- c) *Exemplos de gases permanentes son o hidróxeno e o nitróxeno.*
- d) *Todas son correctas."*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da corrección.

Explicación: Enténdese por gases permanentes aqueles que non poden licuarse so con presión a temperaturas normais. Esta é a definición ou concepto comunmente aceptado no saber científico, ou, cando menos, na maioría dos manuais especializados ao nivel de estudos esixidos para o acceso á praza.

No ano 1845, Faraday iniciou unha serie de experimentos cos gases coa finalidade de licualos, usando para elo una mestura de dióxido de carbono e éter como axente refrixerante, e creou enormes presións para lograr o obxectivo. Aínda que conseguiu liquidar un gran numero de gases, no puido licuar ningún dos seguintes gases: hidróxeno, oxíxeno, nitróxeno, monóxido de carbono, óxido de nitróxeno e metano, e por tal razón, pasaron a denominarse comúnmente no acervo científico como "gases permanentes".

Por tanto, exemplos de gas permanente son o hidróxeno e o nitróxeno. Tamén se corresponde con este concepto o feito de que non se poidan licuar por compresión a non ser que se baixe a temperatura, e tamén é unha característica propia que as súas temperaturas críticas son inferiores á temperatura ambiente. Por tanto, e correspondéndose as tres primeiras respostas co concepto expresado, e téndose formulado a pregunta en sentido negativo ("Non corresponde ao concepto de gas permanente...") a resposta correcta é a D.

**Pregunta 21.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Definición de substancias autorreactivas:*

- a) *Son substancias fisicamente inestables que poden experimentar unha descomposición endotérmica intensa en presenza de osíxeno.*
- b) *Son substancias termicamente inestables que poden experimentar unha descomposición exotérmica intensa en presenza de osíxeno.*
- c) *Son substancias termicamente inestables que poden experimentar unha descomposición exotérmica intensa incluso en ausencia de osíxeno.*
- d) *Son substancias termicamente inestables que poden experimentar unha descomposición endotérmica intensa incluso en ausencia de osíxeno."*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da corrección.

Explicación: As substancias ou mesturas que reaccionan espontaneamente (substancias ou mesturas autorreactivas) son substancias termicamente inestables que poden experimentar unha descomposición exotérmica intensa incluso en ausencia de osíxeno (aire). Esta é a definición estandarizada e comunmente aceptada no saber científico, e dende logo a única que se axusta ao concepto preguntado entre as catro alternativas ofrecidas aos aspirantes. Esta definición non inclúe os peróxidos orgánicos nin as substancias e mesturas clasificadas no SGA (sistema globalmente harmonizado de clasificación e etiquetado de produtos químicos) como explosivos ou comburentes. A resposta correcta, por tanto, é a C.

**Pregunta 24.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Temperatura de autoinflamación do butano:*

- a) *400 °C.*



- b) 468 °C.
- c) 520°C.
- d) De 493 a 604°C."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como válida.

Explicación: O butano, tamén chamado n-butano, é un hidrocarburo saturado, parafínico ou alifático, inflamable, gaseoso que se licúa a presión atmosférica a -0,5° C, formado por catro átomos de carbono e por dez de hidróxeno, cuxa fórmula química é C<sub>4</sub>H<sub>10</sub>. Tamén pode denominarse co mesmo nome a un isómero deste gas: o isobutano ou metipropano. O **butano comercial** é un gas licuado, obtido por destilación do petróleo, composto principalmente por butano normal (60%), propano (9%), isobutano (30%) e etano (1%).

As distintas Fichas de Datos de Seguridade deste produto, emitidas polas distintas compañías subministradoras conforme ao Regulamento CE Nº 1907/2006 REACH e Regulamento CE Nº 1272/2008, varían sensiblemente dunhas a outras á hora de determinar a temperatura aproximada de *autoignición* ou *autoinflamación* do butano, xa que este parámetro dependerá, en boa medida, das concretas condicións físicas ás que se someta a experimentación. Así, algunhas empresas sitúan esa temperatura entorno aos 410°, outras entorno aos 365°C. En calquera caso, e dependendo esta temperatura de moitos factores externos nos que se realice a proba da autoignición, 400° C é unha temperatura aproximada e estandarizada de autoinflamación, tal e como así se ven recollendo na maioría dos manuais especializados na materia, sendo por tanto a resposta A) a única que merece reputarse como correcta entre as catro variables que foron ofrecidas como respostas alternativas aos aspirantes, e que a todas luces semellan absurdas e desproporcionadas de acordo co propio enunciado da pregunta.

**Pregunta 26.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Color do signo e panel de perigo da etiqueta número 70:*

- a) Negro sobre fondo branco.
- b) Negro sobre fondo amarelo con reborde branco na metade superior e branco na metade inferior.
- c) Negro sobre fondo branco con reborde branco na metade superior e amarelo na inferior.
- d) Negro sobre fondo amarelo."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Anular a pregunta e substituíla pola pregunta de reserva 53.

Explicación: O ADR (Acordo Europeo sobre Transporte internacional de Mercancías Perigosas por Estrada) ten por obxecto facilitar o transporte de mercancías perigosas e, sobre todo, garantir as condicións de máxima seguridade para este tipo de substancias. Este acordo foi establecido en Xenebra o 30 de setembro de 1957 baixo os auspicios da Comisión Económica Europea, entrando en vigor o 29 de xaneiro de 1968, adheríndose España o 19 de outubro de 1972. Este acordo revisase cada dous anos polo grupo de traballo WP.15 do Comité de Transportes Interiores da Comisión Económica para Europa (CEPE / UNECE).

A pregunta parte dunha defectuosa redacción que impide aos aspirantes coñecer o obxecto e alcance da resposta que se lles pide que validen como correcta. En efecto, non existe no devandito documento técnico ningunha "etiqueta número 70", polo que a pregunta xa está mal formulada, como punto de partida. Por tanto, trátase dun claro erro de formulación dunha pregunta que impide aos aspirantes ofrecer unha resposta cabal á cuestión plantexada, inducíndolles a erro, debendo ser unha obriga do órgano de selección anular a pregunta e substituíndoa por unha de reserva.

**Pregunta 32.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Que norma regula a clasificación dos lumes segundo a materia combustible?"*

- a) UNE 23011.
- b) UNE 23110.
- c) UNE 23010.
- d) Ningunha é correcta."

15



O órgano de selección reputou como resposta correcta a D)

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta.

Explicación: analizadas as respostas alternativas ofrecidas aos aspirantes resulta:

- Respecto da norma UNE 23011, non existe.
- Respecto da norma UNE 23110, atopámonos con diversas referencias, pero ningunha delas vixente:
  - Norma 23110-15 2002, Loita contra incendios. Extintores portátiles de incendios. Parte 15: Documento de interpretación da Norma Europea EN 3. Vixente ata o 24/06/2010.
  - Norma 23110-06 1996: Extintores portátiles de incendios. Parte 6: Procedementos para a avaliación da conformidade dos extintores portátiles coa Norma EN 3, Partes 1 a 5. Vixente ata o 2/06/2010.
  - Norma 23110-06 1M 2000: Extintores portátiles de incendios. Parte 6: Procedementos para a avaliación da conformidade dos extintores portátiles coa norma EN 3, partes 1 a 5. Vixente ata o 2/06/2010.
  - Norma 23110-03 1994: Extintores portátiles de incendios. Parte 3: construción, resistencia á presión e ensaios mecánicos. Vixente ata o 24/09/2009.
  - Norma 23110-04 1996: Extintores portátiles de incendios. Parte 4: Cargas, fogares mínimos esixibles. Vixente ata o 28/05/2004
  - Norma 23110-05 1996: Extintores portátiles de incendios. Parte 5: Especificacións e ensaios complementarios. Vixente ata o 28/05/2004
  - Norma 23110-05 1997 Erratum: Extintores portátiles de incendios. Parte 5: Especificacións e ensaios complementarios. Vixente ata o 28/05/2004
  - Norma 23110-01 1996. Extintores portátiles de incendios. Parte 1: Designación. Duración de funcionamento. Fogares tipo das clases A e B. Vixente ata o 28/05/2004.
  - Norma 23110-02 1996: Extintores portátiles de incendios. Parte 2: Estanquidade. Ensaio dieléctrico. Ensaio de asentamento. Disposicións especiais. Vixente ata o 28/05/2004.
  - Norma 23110-01 1975: Loita contra incendios. Extintores portátiles de incendios. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110-01 1978 Erratum: Loita contra incendios. Extintores portátiles de incendios. . Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110 01 1M 1990: Loita contra incendios. Extintores portátiles de incendios. Parte 1: Designación, eficacia; fogares tipo para fogos da clase A e B. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110-02 1980: Extintores portátiles de incendios. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110-04 1984: Extintores portátiles de incendios Parte 4: Cargas e fogares mínimos esixibles. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110-05 1985: Extintores portátiles de incendios. Parte 5: Especificacións e ensaios complementarios. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110 1971: Material de loita contra incendios. Extintores portátiles, xeneralidades. Vixente ata o 24/06/1996.
  - Norma 23110- 3 1986: Extintores portátiles de incendios, Terceira Parte. Vixente ata o 07/07/1994.
- Polo que respecta á UNE 23010, atopámonos coas seguintes referencias:
  - UNE 23010:1976. Clases de Fogos. Vixente ata o 24/01/1994.
  - UNE 23010/1M:1992: Clases de Fogo. Vixente ata o 24/01/1994.
  - UNE 23010:1962. Clasificación dos incendios e dos axentes extintores. Vixente ata o 15/01/1976.

Polo tanto, a resposta D) é a correcta.

**Pregunta 34.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"Cal será o grao máximo de enchido dos extintores de halón 1211?"*

16



- a) Ningunha é correcta.
- b) 1,61 kg/l.
- c) 1,52 kg/l.
- d) 1,12 kg/l."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta pero reputando como válida a resposta A).

Explicación: A problemática suscitada non evidencia, propiamente, un erro na formulación da pregunta (que está lóxica e perfectamente realizada), nin tampouco un erro na validez das catro respostas ofrecidas tal que puidese impedir, aos aspirantes, decantarse por ningunha desas respostas alternativas, imposibilitándolles a exteriorización dunha cabal contestación. O problema detectado trae exclusiva causa nun erro na corrección, e non nun erro na formulación da pregunta susceptible de xerar a súa nulidade.

O Real Decreto 2060/2008, de 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias, establece na ITC EP- 6 RECIPIENTES A PRESIÓN TRANSPORTABLES, Artigo 1, Ámbito de aplicación, o seguinte: "2. *Se exceptúan de la aplicación de lo dispuesto en la presente ITC: ...b) Los extintores, que se regirán por el Real Decreto 1942/1993, de 5 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios*".

O Real Decreto 1942/1993 foi derogado polo número 1 da disposición derogatoria única do R.D. 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios o 12 de decembro de 2017.

O Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, Anexo I, sección I .4, dispón que "2. *Los extintores de incendio, sus características y especificaciones serán conformes a las exigidas en el Real Decreto 709/2015, de 24 de julio, por el que se establecen los requisitos esenciales de seguridad para la comercialización de los equipos a presión.*"

Pola súa banda, o Real Decreto 709/2015, de 24 de xullo, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización dos equipos a presión, xa non establece tal límite de forma expresa para grao máximo de enchido dos extintores de halón 1211, entre outras cousas, por canto este gas deixou de comercializarse dende fai anos (Vid. Regulamento (UE) Nº 744/2010 da Comisión de 18 de agosto de 2010 que modifica, polo que respecta aos usos críticos dos halones, o Regulamento (CE) nº 1005/2009 do Parlamento Europeo e do Consello sobre as substancias que esgotan a capa de ozono, substituíndo o anexo VI do Regulamento (CE) nº 1005/2009 polo texto que figura no anexo do devandito regulamento 744/2010, que modificou as datas límites para uso dos extintores portátiles de halones).

O Real Decreto 709/2015 prevé uns requisitos xerais para garantir a seguridade dos equipos a presión e os conxuntos, que poden ser xerais para todos os equipos e conxuntos, e específicos, só para algúns, e que culminan co sometemento a unha avaliación final que comprenda unha inspección final e unha proba. En vista da natureza dos riscos que representa o uso de equipos a presión e de conxuntos e para que os axentes económicos e as autoridades competentes poidan demostrar e garantir que o equipo a presión ou os conxuntos comercializados cumpren os requisitos esenciais de seguridade, establécense procedementos de avaliación da conformidade, e que varían en función do grao de perigo inherente aos equipos a presión ou os conxuntos. Por conseguinte, para cada categoría de equipo a presión existe un procedemento adecuado ou posibilidade de elixir entre diferentes procedementos de rigor equivalente, abandonándose neste regulamento o modelo da orden de 31 de maio de 1982 pola que se aproba a Instrución Técnica Complementaria MIE-AP5 do Regulamento de Aparatos a Presión sobre Extintores de incendios, que sí establecía uns límites de presión en función da concerta identificación do tipo de gas, entre eles, o halón 1211.

Por tanto, a pregunta non está mal formulada nin induce a erro no seu texto, existindo unha resposta correcta, a A). Por tanto, esa e non outra era a resposta que debían ter contestado os aspirantes para poder ser puntuable, da mesma forma que esa era a resposta que o tribunal tiña ter dado por válida, e non a B).



**Pregunta 36.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

"Son propiedades dos líquidos:

- a) A isotropía, a vaporización e a corrosividade, entre outras.
- b) A viscosidade, a densidade e a isotropía, entre outras.
- c) A incompresibilidade, a isotropía e a viscosidade, entre outras.
- d) Ningunha é correcta."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Reputar como válida a pregunta e máis a resposta ofrecida como correcta (a C)).

Verbo da primeira das opcións ofrecidas aos aspirantes ("A isotropía, a vaporización e a corrosividade, entre outras) cumpre advertir o seguinte: a corrosividade, entendida como o deterioro dun material a consecuencia dun ataque electroquímico polo súa entorna, non é unha propiedade *común* aos líquidos, polo que a opción A) non pode reputarse como unha resposta correcta, de acordo co propio enunciado da pregunta.

Verbo da segunda das opcións ofrecidas aos aspirantes ("A viscosidade, a densidade e a isotropía, entre outras") cumpre advertir que a densidade é unha magnitude escalar referida á cantidade de masa nun determinado volume dunha sustancia, e non é un parámetro propio ou exclusivo dos líquidos senón de toda a materia, polo que a opción B) tampouco pode reputarse como unha resposta correcta, de acordo co propio enunciado da pregunta.

Polo que atinxe á terceira das opcións ofrecidas aos aspirantes ("A incompresibilidade, a isotropía e a viscosidade, entre outras"), si cabe consideralas como propiedades típicas dos líquidos. Certo é que os líquidos son teoricamente compresibles, se ben para o seu estudio se considera comunmente, polo saber científico, que son incompresibles. En realidade, pode despreciarse a súa compresibilidade, xa que é moi baixa en comparación coa que presentan os outros fluídos, como os gases. Os líquidos que teñen as propiedades de isotropía, mobilidade, incompresibilidade e non son viscosos chámanse líquidos perfectos. Pero un líquido perfecto non existe na natureza. Nos líquidos existe, na realidade, unha atracción molecular, unha especie de cohesión, que é a viscosidade, e que expresa a súa resistencia interna a desprazarse ou moverse. Nos líquidos, a viscosidade débese á forza de cohesión entre as súas moléculas. E por último, coñécense como isotropos ás substancias cuxas propiedades son idénticas en calquera dirección. E a isotropía é precisamente unha propiedade típica dos líquidos.

Por tanto, a resposta C), ofrecida como válida, é a correcta por canto é a que mellor se axusta ao concepto de líquido, sobre todo considerando o nivel de estudos e titulación que se esixe para o acceso a esta praza.

**Pregunta 37.-** Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

"A norma que define o flashover é a:

- a) ISO 4821-4 de 1991.
- b) ISO 8534-5 de 1993.
- c) ISO 8421-8 de 1990.
- d) ISO 3255-1 de 1989."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta.

Explicación: O *Flashover* ou combustión súbita xeneralizada é un fenómeno que se observa nos incendios confinados onde, de forma repentina, todas as superficies combustibles, que ata ese momento non estaban implicadas no incendio, comezan a arder a consecuencia da radiación proveniente das lapas que percorren o teito (*rollover*), provocando que todo o volume do recinto sexa ocupado polas lapas.

Das respostas ofrecidas aos aspirantes cumpre advertir que a ISO 4821-4 de 1991 non existe nin existiu, como tampouco a ISO 8534-5 de 1993 nin a ISO 3255-1 de 1989, referencias ou respostas todas elas alleas ao enunciado da pregunta.



A única ISO que definiu o concepto de *Flashover* foi a ISO 8421-8 de 1990, que estivo vixente ata o 05 de xullo de 2017 e vixente, por tanto, transcorridos varios meses despois da aprobación desta oferta de emprego (O presente proceso selectivo ten por obxecto regular a oferta de emprego correspondente aos anos 2014, 2015, 2016, estando incluídas as prazas que aquí se convocan na OEP de 2014 (1) e 2016 (1), a primeira delas aprobada con data 30 de decembro de 2014 pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente e a segunda en sesión ordinaria de data 02 de decembro de 2016, polo que non é de estrañar que moitos aspirantes veñan preparando o estudo do temario sobre manuais especializados, xa dende aquela data, e que posiblemente non recollan as últimas actualizacións normativas).

En calquera caso, e tendo en conta que soamente se lles ofreceu aos aspirantes unha resposta como válida das catro incluídas na pregunta, e que tres das catro respostas son radicalmente erróneas sen a menor marxe de validez e acerto, non ofrece tampouco a menor dúbida que a resposta mais cabal e razoable que podía ser ofrecida como válida aos opositores e a C) (*ISO 8421-8 de 1990*), polo que mal pode invocarse a existencia dun erro ou incongruencia na formulación da pregunta e das respostas tal que, pola súa entidade, fose susceptible de inducir a erro no aspirante. En efecto, esa norma é a única das opcións onde se regulou o concepto de *flashover*, sendo por tanto esa norma ISO a que definiu tecnicamente o concepto. Por tanto, non hai marxe de erro susceptible de seren provocado ao aspirante coa formulación de tres respostas alternativas que son absolutamente inviables, mentres que era unha soa a única resposta que se axustaba ao contido da pregunta formulada.

**Pregunta 38.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*"O mantemento das columnas secas:*

- a) Se realizará cada seis meses.*
- b) Se realizará cada tres e seis meses.*
- c) Dependerá do mantemento que requiran as tomas de auga.*
- d) Ningunha é correcta."*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta.

Explicación: Os sistemas de columna seca son para o uso exclusivo dos bombeiros e están formados por unha columna ascendente de canalización, normalmente seca, que partindo da fachada do edificio, descorre ascendentemente dotando de bocas de saída en pisos. Estes sistemas son un dos máis simples dentro da Protección Contra Incendios, se ben teñen unha gran importancia xa que que facilitan aos bombeiros o acceso a lugares do edificio que, sen eles, farían necesarios realizar largos tendidos de mangueras directamente desde a rúa ata os andares onde se tivese producido o lume.

O Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios (cuxa entrada en vigor tivo lugar o 12 de decembro de 2017), no seu Anexo II, Sección 1, protección activa contra incendios, cadro I (Programa de mantemento trimestral e semestral dos sistemas de protección activa contra incendios), establece un prazo de seis meses para as labores de mantemento das columnas secas.

A Disposición transitoria segunda (Aplicación deste Regulamento a equipos ou sistemas xa instalados *ou con data de solicitude de licenzia de obra* con anterioridade á entrada en vigor deste Regulamento), prevé que unicamente lles será de aplicación aquelas disposicións relativas ao seu mantemento e a súa inspección, engadindo que as actividades de mantemento "*non previstas no Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, deberán començar a realizarse no prazo máximo dun ano, a partir da entrada en vigor do presente Regulamento*".

Pola súa banda, o APENDICE 2 do Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, Mantemento mínimo das instalacións de protección contra incendios, tamén establece un prazo de 6 meses para as labores de mantemento das columnas secas. Por tanto, fora cal fose a norma de aplicación ao suposto de feito plantexado, por razón a temporalidade á que puidese vir referido o suposto de feito plantexado, a resposta correcta é a A).



**Pregunta 39.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

"A liña de enlace con terra terá unha sección de:

- a) 35 mm.
- b) 16 mm.
- c) 90 mm.
- d) 50 mm."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Anular a pregunta e substituíla pola pregunta de reserva número 54.

Explicación: o enunciado parte dun erro na formulación de todas as respostas, xa que a unidade de medida expresada realizouse en mm, cando debía ser mm<sup>2</sup>. Ademais, a propia pregunta adoece dunha exactitude na súa formulación, xa que logo non especifica cal é o uso da instalación (vivenda, industria, local comercial... etc), como tampouco o material do que estea formado a liña -o que influirá na súa sección-, o que impide aos aspirantes unha elección razoada entre as catro alternativas ofrecidas de acordo coas previsións da ITC BT 18.

**Pregunta 42.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

"Para a impulsión por manguoiras de 70 mm. se usarán:

- a) Todas as respostas son correctas.
- b) A etapas NP/HP.
- c) A etapa HP.
- d) A etapa NP."

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta.

Explicación: As siglas NP e HP son os acrónimos, respectivamente, da lingua inglesa "Normal Pressure" (presión normal) e "High Pressure" (presión alta), acrónimos que, por outra banda, non só resultan de común uso e implantación na linguaxe científica – e así figuran recollidos na inmensa maioría dos libros especializados- senón que tamén se encontran plenamente implantados na xerga habitual de traballo dos distintos servizos de extinción de incendios e salvamento e, tamén, nas indicacións da propias bombas centrífugas onde o emprego destes acrónimos resulta internacionalmente estandarizado en lingua inglesa, polo que mal pode alegar ningún opositor que pretenda aspirar ao desempeño da praza convocada o descoñecemento do significado das siglas NH/HP.

Os tramos das manguoiras de impulsión de 70 mm teñen unha lonxitude que oscila habitualmente entre os 15 e os 20 metros, e teñen un peso aproximado que ronda entre os 600 e os 700 g/m, segundo fabricantes e acabados. A presión normal de traballo oscila entre 10-12 Kg/cm<sup>2</sup>, se ben poden soportar ata unha presión máxima que se sitúa entre 17-20 kg/cm<sup>2</sup>. Pola contra, as manguoiras de inferior diámetro soportan presións de traballo superiores, como sucede coas de 25 mm, que se utilizan como tramo de aproximación na liña de ataque no interior de vivendas, oficinas, garaxes e, especialmente, en incendios de pastos e forestais (esa presión de traballo sitúase, no caso destas manguoiras de 25 mm, entre 30-40 Kg/cm<sup>2</sup>, sendo igualmente moi superior a súa presión de rotura).

Por tanto, e debido ao difícil manexo das manguoiras de 70 mm, e dado o seu peso considerable, utilízanse preferentemente para alimentación de vehículos a través da rede de hidrantes, alimentación de columnas secas e monitores portátiles, achiques de auga.. etc. E tamén empréganse como *tramo primario de distribución* nas liñas de ataque de longo percorrido para minimizar as perdas de carga.

En correlación co anterior, e dadas as propias características deste tipo de manguoiras (sección, lonxitude) e das súas fontes de alimentación, o propio, o habitual, o recomendable, é que a impulsión da auga que percorre a través delas se realice a presión normal. Por iso a resposta correcta e a D).

20



**Pregunta 43.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*“Coa bomba NH30 sempre traballaremos en presión combinada salvo cando traballemos:*

- a) En incendios forestais a pouca distancia.*
- b) Co monitor (2400 litros a 10 bar),*
- c) Todas as respostas son correctas.*
- d) Con mais bombas en serie.”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: confirmar a validez da pregunta e da resposta reputada como válida.

Explicación: As bombas combinadas de baixa e alta presión inclúen un selector de posición coas claves NP/NP-HP, siglas que responden aos acrónimos *“Normal Pressure”* (presión normal) e *“High Pressure”* (presión alta), sendo o ordinal 30 o caudal en baixa a presión, medida en bares. Tales siglas, como xa se adiantou na análise da resposta anterior, son de común uso e implantación nas indicacións da propias bombas centrífugas, sexa cal sexa o modelo, e onde e emprego destes acrónimos resulta internacionalmente estandarizado en lingua inglesa, polo que mal pode ningún aspirante á praza convocada descoñecer o seu significado.

Nas bombas centrífugas cuxas especificacións conteñen a clave NH son bombas de dúas etapas de presión (Normal e Alta), evidenciando a numeración 30, neste caso, un caudal en baixa presión de 3000 litros por minuto a 10 bares, xa que a alta presión implicaría un caudal de 400 litros por minuto a 40 bares.

O que se pregunta aos aspirantes na cuestión sometida á súa consideración non é outra cousa que especificar cal é a opción onde non se traballa con presión combinada, e a única resposta posible é a dun cañón de gran caudal, onde só se pode traballar en baixa presión.

Así, e polo que respecta á resposta B) que foi a reputada como válida (Co monitor -2400 litros a 10 bar-), cumpre afirmar que o caudal dun monitor é un caudal de baixa presión (segundo o suposto de feito plantexado, á máxima de caudal é, en baixa presión, 3000 l por minuto a 10bar). Polo tanto, cun monitor que traballe a 2400 litros a 10 bar so se pode traballar a baixa presión, nunca a presión combinada.

E no tocante ao resto das respostas alternativas que foron ofrecidas aos aspirantes queda evidenciado que non son as correctas. E ilo polas razóns que seguen:

E en relación á resposta A) (incendios forestais e desde pouca distancia) pódese traballar a alta ou baixa presión segundo as características do lume e do terreo, e dicir, pódese traballar coas dúas modalidade de presión de forma combinada en función dos resultados que se pretendan acadar na extinción do lume. Aínda que sexa pouca a distancia, pódese traballar perfectamente con alta presión, debido a que non se precisa necesariamente dun alto caudal.

En relación á resposta D) (Con mais bombas en serie), non existe inconveniente ningún en utilizar a alta presión na ultima bomba sempre que as presións de entrada e saída estean dentro dos parámetros de funcionamento da mesma. O traballo de bombas en serie identifícase co aporte desde o grupo de bomba con alta presión e saída de 25 mm de sección coa única finalidade de absorber as posibles perdas de carga en tendidos de grande lonxitude polo efecto das forzas laminares e turbulentas que produce a auga no seu percorrido, así como as perdas adquiridas polo diferencial que se produce a distintas cotas de altura. Coas bombas en serie permítese adquirir unha alta presión nunha sección maior á propia saída da bomba de alta presión (25 mm de sección), combinándose en serie varias bombas.

E, no tocante á resposta C) (Todas as respostas son correctas), resulta claro que é igualmente inválida, polas razóns xa explicadas.



**Pregunta 45.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*“A electrificación básica dunha vivenda soporta*

- a) 3500 W.*
- b) 7150 W.*
- c) 9200 W.*
- d) 5750 W.”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta.

Explicación: O grao de electrificación básico móstrase como o sistema mínimo, aos efectos de uso, da instalación interior das vivendas en edificios novos tal como se indica en la ITC -BT-10, Previsión de cargas para subministros en baixa tensión, do Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT), aprobado por Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto.

O seu obxecto é permitir a utilización dos aparatos electrodomésticos de uso básico sen necesidade de obras posteriores de adecuación. A capacidade de instalación corresponderase como mínimo ao valor da intensidade asignada determinada para o interruptor xeral automático. Igualmente cumprírase esta condición para a derivación individual.

O promotor, propietario ou usuario do edificio fixará de acordo coa Empresa Subministradora a potencia a prever, e que, para novas construcións, non será inferior a 5750 W a 230 V, en cada vivenda, independentemente da potencia a contratar por cada usuario, que dependerá da utilización que este faga da instalación eléctrica. Polo tanto, a resposta D) e a máis lóxica e cabal entre as catro alternativas que foron ofrecidas aos aspirantes, resultando as tres restantes descartables por incluír uns parámetros de electrificación completamente inusuais.

**Pregunta 46.-** Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

*“O síndrome de aplastamento provoca:*

- a) A perda abundante de sangue polas feridas sufridas pola vítima.*
- b) A asfixia polo peso dos escombros sobre a vítima.*
- c) O envenenamento do sangue pola liberación brusca dos tóxicos acumulados nas feridas.*
- d) Ningunha é correcta.”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta ofrecida como correcta.

Explicación: O síndrome de aplastamento é un cadro clínico que pode presentarse en persoas liberadas de grandes compresións mecánicas de partes ou de todo o corpo, que solen desenvolver un compromiso circulatorio e unha insuficiencia renal, poñendo en perigo a vida da persoa como consecuencia da inestabilidade hemodinámica e a situacións de shock nas que poden desencadear.

A hipoxia tisular implica unha isquemia e metabolismo anaerobio que comporta a conseguinte acumulación de ácido láctico e morte muscular, con liberación de produtos químicos tóxicos (mioglobina, potasio e fósforo, entre outros). O cadro evoluciona a un shock hipovolémico debido á creación dun terceiro espazo a nivel muscular con atrapamento de auga e cara a unha insuficiencia renal aguda por necrosis tubular.

Sen dúbida, a resposta C) é a correcta, xa que non todo síndrome de aplastamento provoca necesariamente perda abundante de sangue polas feridas nin asfixia polo peso dos escombros sobre a vítima, pero si unha liberación *de substancias tóxicas*, que obviamente poderá ser maior ou menor, pero presente en sangue na inmensa maioría dos casos.



**Pregunta 49.-** Contínha o seguinte enunciado e respostas alternativas:

"As riostras son:

- a) *Pezas rollizas de pouca sección.*
- b) *Elementos horizontais.*
- c) *Pezas escuadradas de pouca sección.*
- d) *Elementos verticais."*

O Tribunal deu por válida a resposta C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e da resposta ofrecida como válida.

Explicación: Os apuntamentos provisionais mais frecuentes usados polos servizos de extinción de incendios son mediante a colocación de estruturas formadas por pezas en forma de "T" con dúas riostras laterais en forma de triángulo, perfectamente unidas, habitualmente de madeira e de pouca sección, e de forma escuadrada (non rolliza), para facilita-la súa unión xa que, de seren cilíndricas (rollizas), o nexo de unión sería moito mais feble, o que implicaría unha dificultade engadida para acadar esa solidez estrutural que se persigue cos apuntamentos provisorios, xa que o arriostramento debe ir a presión para transmitir as cargas superiores ao pilar central.

Evidentemente, cando se fala de riostras non se fai alusión aos "Elementos verticais" -resposta D)- xa que estes son propiamente os pilares, nin, tampouco, aos "Elementos horizontais" -resposta B)-, xa que estes son propiamente as vigas.

Polo tanto, a resposta máis precisa entre as catro que foron ofrecidas como alternativas aos aspirantes é a resposta C), xa que é a que mellor se axusta á técnica de arriostramento usada polos servizos de extinción de incendios e salvamento, non existindo razón de ciencia para proceder á anulación á pregunta, xa que nin o enunciado nin as respostas alternativas ofrecidas aos aspirantes evidencian ningunha inexactitude ou incongruencia susceptible de inducirllas a erro ou impedirllas a emisión do que debería ser a resposta máis lóxica e cabal (sequera por razón da pericia e capacitación profesional que se demanda para o desempeño da praza convocada), entre as catro respostas que se sometían á súa consideración.

En mérito ao razoado o órgano de selección acorda:

**Primeiro:** Anular as preguntas ou corrixir respostas reputadas como válidas que de seguido se relacionan, decisión que implicará, segundo o caso, a estimación total ou parcial das alegacións deducidas contra elas:

- No tocante á **Pregunta 5**, manter a validez da pregunta, pero reputando como respostas válidas susceptibles de seren valoradas a A) e mais a B), indistintamente.
- No tocante á **Pregunta 8**, considerar como resposta correcta a D) e non a B), puntuándoa aos aspirantes que, acertadamente, así a tivesen marcado como correcta.
- No tocante á **Pregunta 19**, anular a pregunta, substituíndoa pola pregunta de reserva número 52.
- No tocante á **Pregunta 26**, anular a pregunta e substituíla pola pregunta de reserva 53.
- No tocante á **Pregunta 34**, manter a validez da pregunta pero reputando como válida a resposta A) e non a B), puntuándoa aos aspirantes que, acertadamente, así a tivesen marcado como correcta.
- No tocante á **Pregunta 39**, anular a pregunta e substituíla pola pregunta de reserva número 54.

**Segundo:** Confirmar a validez das demais preguntas impugnadas e das respostas ofrecidas como validas, o que implica a desestimación das alegacións presentadas en todo o que se opoñan a esta decisión.

**Terceiro:** En congruencia co anterior, os membros do Tribunal, ao obxecto de calcular novamente os resultados da proba tipo test trala resolución das alegacións presentadas, diríxense ao servizo de



Administración electrónica, coa asistencia do programador de Informática Sr. D. Luis Iglesias Rejas, obténdose os seguintes resultados a través do sistema electrónico de verificación de respostas:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
7018	19	15	16	2,3
7028	26	11	13	4,1
7033	29	11	10	4,7
7034	28	16	6	4
7035	14	15	21	1,3
7042	25	19	6	3,1
7045	22	13	15	3,1
7127	31	8	11	5,4
7129	29	6	15	5,2
7130	21	7	22	3,5

En consecuencia, e verificada na sesión do órgano de selección de 8 de novembro de 2018 a correspondencia entre os códigos numéricos e os aspirantes presentados ao exercicio primeiro da oposición, procédese a relacionar as puntuacións obtidas polos aspirantes nesta primeira proba tipo test, elevándose a DEFINITIVAS as cualificacións seguintes:

- Sr. D. José A. Villar Comesaña (Código 7127): **5,4**
- Sr. D. Daniel Cabaleiro Novelle (Código 7129): **5,2**
- Sr. D. Miguel A. Cabaleiro Novelle (Código 7033): **4,7**
- Sr. D. Bruno de Sousa Díaz (Código 7028): **4,1**
- Sr. D. Juan Carlos Illán Lombao (Código 7034): **4**
- Sr. D. José Luis Fernández Cabaleiro (Código 7130): **3,5**
- Sr. D. Antonio Rodríguez Cid (Código 7042): **3,1**
- Sr. D. Joaquín Fuentes Domínguez (Código 7045): **3,1**
- Sr. D. Gerardo Fernández Costa (Código 7018): **2,3**
- Sr. D. Francisco Javier Rivero Álvarez (Código 7035): **1,3**

**Cuarto:** Infórmase aos aspirantes que contra o presente acordo tan só cabe a interposición dos recursos administrativos ou xurisdiccionais que expresamente figuran previstos nas bases xerais que rexen esta Convocatoria (Base xeral décimo sétima).

## **PUNTO SEGUNDO: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A FASE DO CONCURSO.**

**Primeiro:** O órgano de selección adopta os seguintes acordos:

- Alegacións presentadas o día 06.11.2018 por **D. José Luis Fernández Cabaleiro** (documento nº 180179266) polo que solicita recoñecerlle unha antigüidade, na fase de concurso, polo tempo de servizos prestados como *sarxento*.

O órgano de selección, por unanimidade, acorda DESESTIMAR as alegacións presentadas, con fundamento nas consideración xurídicas que figuran incorporadas ao Informe evacuado polo secretario do órgano de selección, transcrito na presente acta, ao non acreditarse documentalmente, nin polo aspirante nin polo servizo de recursos humanos, que ese suposto período de antigüidade como "sarxento" obedecese a ningún suposto que, consonte ás normas legais que deben regular a valoración deste concreto mérito, permita ao órgano de selección atribuírle ningunha puntuación.



- Alegacións presentadas o día 08.11.2018 por **D. Bruno de Sousa Díaz** (documento 180179026), solicitando a revisión da cualificación da fase de concurso, co obxecto de que se lle valore o tempo de servizos prestados entre o 16.08.2007 e o 05.04.2011 no Parque de Bombeiros da Deputación de Pontevedra, así como a licenciatura en ciencias da actividade física e deporte (titulación superior de acceso á praza) e o certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento como titulación de acceso.

O órgano de selección, por unanimidade, acorda DESESTIMAR as alegacións presentadas, con fundamento nas consideración xurídicas que figuran incorporadas ao Informe evacuado polo secretario do órgano de selección, transcrito na presente acta, ao constatare:

**(a) verbo da antigüidade que reclama**, que a mesma realizouse baixo un réxime laboral, xa que segundo se detalla no Informe da vida laboral achegada polo aspirante, foi contratado pola mercantil CELTAPRIX S.L. entre o 16.08.2007 e o 05.04.2011 baixo un réxime laboral, polo non acredita que a prestación deses servizos comportase a integración en ningunha escala ou corpo funcional, funcional,

**(b) verbo da licenciatura en ciencias da actividade física e deporte**, que a mesma xa foi valorada como titulación superior -1 punto- e **(c) no tocante ao certificado de cualificación profesional**, a imposibilidade de valoración como "titulación" por ausencia de acreditación do pertinente certificado de validación co título de bacharelato ou de FP II, tal e como esixen as bases reitoras deste proceso.

- Alegacións presentadas por **D. Miguel A. Cabaleiro Novelle** o día 09.11.2018 (documento nº 180180132), pola que solicite que se lle valore, na fase de concurso e no apartado de titulacións académicas, o certificado de profesionalidade de extinción de Incendios e salvamento.

O órgano de selección, por unanimidade, acorda DESESTIMAR a alegación, con fundamento nas consideración xurídicas que figuran incorporadas ao Informe evacuado polo secretario do órgano de selección, transcrito na presente acta, e ao non acreditarse polo aspirante, a través do pertinente certificado de validación, á correspondencia ou homologación dese certificado de profesionalidade a co título de bacharelato ou co título de FP II, tal e como esixen as bases reitoras deste proceso.

**Segundo:** Infórmase aos aspirantes que contra o anterior acordo tan só cabe a interposición dos recursos administrativos ou xurisdicionais que expresamente figuran previstos nas bases xerais que rexen esta Convocatoria (Base xeral décimo sétima).

Sendo as 11,00 horas, os membros do Tribunal dan por concluída a sesión, dispoñendo publica-lo contido da presente Acta na páxina web municipal, e da que da fe o Sr. Secretario, co Vº e praxe do Sr. Presidente.



notas

28/11/2018.

ID	Bien	Mal	NC	Nota
7018	19	15	16	2,3
7028	26	11	13	4,1
7033	29	11	10	4,7
7034	28	16	6	4,0
7035	14	15	21	1,3
7042	25	19	6	3,1
7045	22	13	15	3,1
7127	31	8	11	5,4
7129	29	6	15	5,2
7130	21	7	22	3,5

h h l.

